

PRIMEIRO VENRES CREATIVO DO CEIP LÓPEZ FERREIRO

Enviado por [admin1](#) [1] o Mar, 03/07/2023 - 12:11


[Curso 22_23](#) [2]

O pasado venres 3 de marzo, arrancamcos cos **Venres Creativos**, unha proposta novedosa no noso centro, que busca estimular a creatividade do alumnado a través de obradoiros internivel.

O alumnado mestrouse en 3 bloques, o bloque inicial (educación infantil), o bloque medio (1º-2º-3º primaria) e o bloque avanzado (4º-5º-6º primaria) e estes son os obradoiros polos que pasarán ata final de curso:

- BLOQUE INICIAL: Xogar a Ser (xogo simbólico); Facer e desfacer (construcións); Beebots; Esculturas colosais (con cartón e arxila); Xogos de magnetismo; Move move (xogos de motricidade grossa e fina); Descubrindo co corpo (experimentación sensorial); Máis que puntadas (iniciación á costura).
- BLOQUE MEDIO: Melloramos o horto escolar; Plastilina caseira condutora; Escritura creativa; Principio de Arquímedes (experimentos); Menuda experiencia aprender ciencia (experimentos); Gravado; Luz e cor (experimentos); Misterio na biblioteca (escape room).
- BLOQUE AVANZADO: Ondas creativas (podcasts na radio escolar); Iniciación ao macramé; Papiroflexia; Maxia nos teus ollos (matemaxia); Crea música co ordenador; Ola, neuronillas! (programación en CODE); Paracaídas colaborativo; Canto coral; Máis que puntadas (iniciación á costura).

O primeiro venres foi todo un éxito e estamos agardando que chegue o seguinte!



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/74>